

**Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**C E R T I F I C O** : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 27 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E AS SÚAS BASES REGULADORAS PARA A SUBVENCIÓN DO "PLAN DE MELLORA PARA A EMPREGABILIDADE (PAME-FERROL) A TRAVÉS DE MEDIDAS DE AXUDA AO IMPULSO ECONÓMICO E PROTECCIÓN DO EMPREGO" (CÍVIDAS 2020010854).- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica, que textualmente di:

"O Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades fomentar e apoiar todas aquelas actividades e actuacións dirixidas á promoción, fomento, modernización e apoio do tecido empresarial como motor da economía local.

Así mesmo, como consecuencia da pandemia sanitaria producida polo COVID-19 que deriva nunha grave crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial da cidade, establece como prioridade, dentro das súas competencias no ámbito do desenvolvemento económico, impulsar a actividade económica e a protección do emprego local para contribuír á reactivación económica da nosa cidade.

Co obxecto de contribuír a ditos fines, dende o Negociado de Promoción Económica e Emprego, se establece unha liña de axuda, a través de convocatoria pública, en réxime de concurrencia non competitiva, para a concesión de subvencións para o Plan de Mellora para a Empregabilidade (PAME-Ferrol) a través de medidas de axuda ao impulso económico e protección do emprego e a súa convocatoria pública.

O Concello de Ferrol dispón dunha Ordenanza Xeral de SubVENCIÓN (BOP núm. 200, de 21 de outubro de 2019) que ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras xerais do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Ferrol nos termos establecidos no art. 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo exposto nos parágrafos anteriores e en aplicación do establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co fin de dar cumprimento ós principios de publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia en cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, é preciso a aprobación dunhas bases reguladoras de concesión de subvencións para o *Plan de Mellora para a Empregabilidade (PAME-Ferrol) a través de*

*medidas de axuda ao impulso económico e protección do emprego con ámbito de actuación no Concello.*

No orzamento en vigor contéplase para o financiamento destas axudas a cantidade de 2.000.000 € dentro da aplicación orzamentaria 02104-2413-47000 **201Cov19**.

Por todo o anterior, e como concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, **propóñolle** ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras da subvención para o Plan de Mellora para a Empregabilidade (PAME-Ferrol) a través de medidas de axuda ao impulso económico e protección do emprego, conforme a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**Segundo.-** Aprobar a súa convocatoria.

**Terceiro.-** Aprobar o gasto correspondente, segundo o seguinte detalle:

- Obxecto da subvención: establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello, polas que se rexerá a convocatoria pública das axudas e subvencións para paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID- 19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Ferrol, outorgando liquidez ás empresas da cidade para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.
- Importe: **2.000.000 €**
- Partida: **02104-2413-47000 201Cov19**
- Outras características:  
As recollidas nas bases reguladoras e na súa convocatoria.

**Cuarto.-** Aprobar a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da BDNS dando traslado ao taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol en soporte físico e na web municipal."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE